- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras.
- Interpretación autónoma e compartida de textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través da observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes con outras linguas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados. - Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
12	Sentido del humor	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Producir textos escritos e multimodais básicos en distintos soportes.	PE	56
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acadar as destrezas lingüísticas básicas a través do uso da lingua escrita.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Comparar aspectos básicos das linguas.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Revisar e mellorar os textos propios.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar as categorías gramaticais e as regras de ortografía básicas.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquirir vocabulario básico dos textos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Mobilizar estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información básica.	TI	44
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos da linguaxe literaria e a diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñecer e interpretar recursos da linguaxe literaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Procesos: interacción oral - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivas, narrativas, dialogadas, expositivas) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Contidos

- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo fluídos.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras.
- Interpretación autónoma e compartida de textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.

Contidos

- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Identificación de recursos literarios.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través da observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes con outras linguas.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Castelá e Literatura ten un carácter esencialmente instrumental, e, xunto coa lingua galega e lingua inglesa, está presente tamén nunha porcentaxe das outras áreas curriculares. É a nosa ferramenta indispensable de comunicación, de transmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente social.

Deste xeito defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no quinto curso:

- A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

- Os criterios metodolóxicos a seguir na aula serán activos, funcionais, lúdicos e sempre tendo presente as características do alumnado, así como as diferentes situacións nas que se pode atopar. Tendo en conta que a metodoloxía terá, especialmente, un enfoque comunicativo, destacar as seguintes pautas que se terán en conta para poñer en práctica a intervención educativa:

1.-Partir do nivel de coñecemento do alumnado, tomando como partida o resultado da avaliación inicial realizada ao comezo do curso.

2.-Traballar sempre desde un enfoque globalizador e interdisciplinar, onde se poñan en práctica os contidos das diferentes áreas.

3.-A promoción de aspectos afectivos e de relación, para buscar que se sintan seguros e lograr unha construción de coñecemento a partir da formación dunha autoimaxen positiva.

4.-Posta en práctica de tarefas de aprendizaxe integradas, que permitan avanzar ata os resultados de aprendizaxes de mais dunha competencia ao mesmo tempo. Propoñerase ao alumnado a consecución dun produto social relevante que supoña un auténtico enfoque competencial.

5.-O fomento dunha autonomía no aprendizaxe, para que o alumno poida desenrolar estratexias que lle favorezan a resolución de problemas da vida diaria, fomentando a autonomía, o esforzo e a responsabilidade.

6.-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade, nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

7.-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.
- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.
- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.
- Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lapis ao centro, Folio xiratorio, Xogo de palabras, Mapa conceptual a catro bandas, Estrutura 1-2-4, Saco de dúbidas, Crebacabezas,...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.
- Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao 25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.
- Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios...
- O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música urbana, popular, etc en lingua castelá como vía de acceso ao mundo da poesía.
- A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Todo material estará ao alcance dos alumnos/as, permitíndolles o acceso a diferentes obxectos e materiais para estimular a súa propia aprendizaxe significativa. Deste xeito, ademais de facilitar o proceso de aprendizaxe, teremos presente a dotación de normas referidas ao coidado deste material e da súa organización.

O alumnado precisará para o desenvolvemento do traballo materiais como: carpeta da aula e da mochila, clasificador común no que se incluírán todas as áreas, un estoxo pequeno para quedar na aula cos materiais necesarios para o traballo diario, ordenadores xa que traballaremos dentro do programa de Edixgal.

a) RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o persoal especialista en AL e PT, profesorado titor, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son o E.O.E, as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

b) RECURSOS MATERIAIS: O equipo dixital do alumnado será a súa principal ferramenta de traballo, complementada con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. A disposición da aula facilitará os agrupamentos para equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral.

c) RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets.

d) RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade, Kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

e) RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán as catro sesións primeiras, e que constará:

- a) Análise dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no ciclo anterior.
- b) Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.
- c) Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortografía.
- d) Redación dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redación, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.
- e) Redación dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.
- f) Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algúnha figura literaria empregada no mesmo. Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	9	8	8	9	9	8	8	9
Proba escrita	54	20	32	34	40	36	36	32	44	40
Táboa de indicadores	46	80	68	66	60	64	64	68	56	60

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	40	56	39
Táboa de indicadores	60	44	61

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación. Estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

A avaliación será continua e global, e será levada a cabo durante todo o proceso de E-A, destacando tres momentos:

1.- Unha avaliación inicial, para establecer o punto de partida, que se levará a cabo no mes de setembro, a través da observación de diferentes actividades que permitan comprobar tanto o desenvolvemento de contidos como de competencias en todo o alumnado.

2.- Unha avaliación continua, que se realizará durante o proceso de aprendizaxe, permitindo as modificacións necesarias durante a marcha.

3.- Unha avaliación final, para valorar o logro de aprendizaxes do alumnado.

Como procedementos de avaliación, utilizarase a observación sistemática directa e indirecta sobre o traballo e actividades propostas na aula que permite obter información rápida e continuada sen interromper a dinámica de traballo do grupo; utilizarase ao mesmo tempo, actividades de avaliación con probas escritas.

Como instrumentos para a recollida de información utilizaranse: escalas de observación, rexistro de control e rúbricas, así como as probas de control escritas.

Será fundamental ter presente, que ademais da avaliación de contidos e competencias de cada unidade, terase en conta a avaliación de aspectos actitudinais como a participación activa, o uso adecuado das normas de comunicación e o afán de superación. Utilizando para estes aspectos como instrumento a escala de observación.

Con respecto aos criterios de calificación, dependerán do traballo diario na aula, tendo presente as características individuais e comparando o progreso con rúbricas sobre os resultados das probas escritas, nunha proporción asignada ao traballo diaria na aula dun 30%, (xunto co traballo en casa, e a actitude) fronte a un 50% que puntuarán as probas escritas.

O alumnado promocionará ao nivel seguinte sempre que desenvolva de forma global as competencias clave e supere os estándares referidos no perfil de área da presente programación

No que respecta ao grao mínimo de consecución para superar a materia, á hora de avaliar terase en conta os seguintes criterios e instrumentos de avaliación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:		INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:	
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade	50%	Realización de probas escritas/proxectos individuais ou grupais ao finalizar cada unidade	
Realización do traballo na aula. Realización adecuada do traballo Organización dos materiais Presentación do caderno e os traballos.	30%	Rexistro do traballo na aula. Rubricas de avaliación. Rexistro de organización e materiais.	
Realización de traballos específicos na casa.	10%	Rexistro de entrega de traballos.	
Valoración de actitudes na aula. Escoita ,participación, esforzo, colaboración	10%	Rexistro de participación. Rexistro de actitude na aula.	

Criterios de recuperación:

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a Orde de 26 de maio de 2023 que modifica o Decreto 155/2022 de 15 de

setembro, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso. Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, aprofundando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden ser os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, Plan Director ou Voz Natura, entre outros.

Preténdese aplicar un procedemento que sirva para tomar decisións en relación á prevención, detección e valoración dos problemas de aprendizaxe. Para iso, unha primeira estratexia é a da avaliación inicial, que inclúa, polo menos:

- Un coñecemento do contexto do grupo.
 - Unha análise dos niveis iniciais de competencia curricular do alumnado.
- Nel débense considerar tanto as capacidades que están previstas alcanzar no nivel ou etapa, como a relación destas coas áreas, especialmente, de linguaxe e matemáticas. Tratarase de valorar as incidencias das condicións persoais do alumnado (déficits froito do seu historial persoal e de aprendizaxe) cos procesos actuais de aprendizaxe.
- Unha comprobación dos niveis de competencia curricular do alumnado de necesidades educativas especiais con arranxo ao informe psicopedagóxico ou de atención temperá (se este existise).
 - A toma de decisións sobre reforzo, adaptación do currículo ou a adopción de diferentes medidas de atención á diversidade como a modificación de metodoloxías, formas, temporalización ou instrumentos de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado.
 - Cabe esperar que aparezan situacións respecto ao grao de dificultades de aprendizaxe que poidan manifestar os

alumnos/as. As máis relevantes haberán de ser expostas ao profesorado.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación primaria e a etapa de educación secundaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

Na aula hai unha alumna con dificultades de aprendizaxe sen diagnosticar que recibe apoio e outro alumno que posúe unha discapacidade auditiva e que recibe apoio de AL e PT, e conta cunha intérprete de linguaxe de signos.

Proporánselles actividades de reforzo e maior atención por parte do profesorado.

Adoptaránse medidas organizativas de situación na aula, fichas de traballo de reforzo, adaptación ao seu ritmo de aprendizaxe e apoios doutro profesorado que ten dispoñibilidade horaria.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X			X		
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X	X				X	X	
ET.6 - Educación emocional en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Emprendemento	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X			X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)			X	X
ET.6 - Educación emocional en valores	X	X	X	X

Observacións:

A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita Museo naval e museo da Construcción naval (Ferrol)	Visita ós museos navais de Ferrol, a súa relación coa Armada e a historia naval e marítima de España .	X		
Visita a Domus(A Coruña)	Museo científico Coruñés interactivo dedicado integramente ao ser humano.		X	
Visita Cultural en Galicia	Visita a algún lugar de Galicia para poder desfrutar do noso patrimonio cultural.			X

Observacións:

Cada trimestre haberá unha actividade especial, que consistirá en saída a un lugar externo, así como a participación das propostas dende os diferentes equipos do centro, con repercusión na totalidade do alumnado do centro, e proxección a toda a comunidade educativa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación da PD ao contexto da aula e as características de todo o alumnado.
Metodoloxía empregada
Eficacia da metodoloxía empregada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planificación, organización, elaboración e uso dos distintos tipos de recursos (materiais, organizativos, persoais...)
Medidas de atención á diversidade
Valoración de todas as medidas de atención a diversidade empregadas na programación didáctica.
Clima de traballo na aula
Valoración do clima de traballo, cohesión do grupo e realción entre o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Valoración da coordinación de todo o equipo docente que incide no grupo-aula.

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras/mestres do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

- Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.
- Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

- Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
- Grao de adquisición de competencias na área.
- Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
- Deseño claro de criterio de avaliación que profile con claridade os mínimos esixidos.
- Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
- Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

As incidencias de seguimento quedarán rexistradas no apartado propio desta aplicación PROENS.

9. Outros apartados